

Benvidos/as a semana do libro.

O día 23 de abril é o día do libro e esta semana propoñémosvos:

1. Lembra:

DÍA DEL LIBRO

**¿SABÍAS QUÉ...?
LOS LIBROS TAMBIÉN
TIENEN SUS DERECHOS**



**A permanecer limpios, sin
tachones, sin garabatos, sin
manchas...**



**A conservarse
enteros, con
todas sus
hojitas**



**A ser contados
Y
disfrutados**




**A ser leídos y releídos tantas
veces como
quieran
niños y
niñas**



2. Contacontos.


https://m.facebook.com/story.php?story_fbid=3638443889562917&id=867576176649716?snfnsn=scwspwa&d=w&vh=e&extid=rA9ln1zRLK3DO9Pd&d=w&vh=e

3. Elabora un conto a partir destas tarxetas.



4. RETO; CASTELO DE CONTOS

En honor ao Día do Libro, propoñémosvos para hoxe crear un Castelo o máis alto posible co emprego dos contos e libros que teñas no fogar.



Para iso, debes argallar en cómo colocar os libros para que a túa torre vaia subindo. **ATRÉVETE E INTÉNTAO!!**

- Comeza por coller os libros que teñas, colocalos no chan e clasificalos por tamaño, grosor e forma.

- Logo reflexionamos un pouco sobre eles:

Cantos contos tes con forma de cadrado? E de rectángulo?

Tes outros libros con outras formas?

Cantos tes en total?

Todos os libros que colleches son contos?

Para que serven habitualmente? E para que máis se poderían usar, que se che ocorre?

Son importantes para ti? Por que?

- Pois agora que xa coñecemos mellor o que temos entre máns...

A CREAR O CASTELO MÁIS GRANDE DO MUNDO!!

(Anímate a quitarlle unha foto e mándala ao correo da titora, á volta comprobaremos cal foi o castelo máis grande e alto)



5. XOGAMOS COAS LETRAS


Trátase de asociar palabras cos debuxos correspondentes , escribir palabras atendendo ao fonema e crear un xogo de mímica divertido. Iniciándonos na lectura e favorecendo a expresión corporal dunha forma divertida e diferente.

TARXETAS DE PALABRAS E DEBUXOS

- Recortamos varios rectángulos de papel para facер as tarxetas, agora facemos dous grupos iguais coas mesmas, cantas tarxetas temos? Cantas tarxetas deben ter cada grupo para que sexan iguais?
- Nun grupo facemos un debuxo en cada tarxeta (elementos, animais...familiares para o nen@,

sinxelas de representar con mímica e que non teñan moitas sílabas)

Ex.:



- No outro grupo escribimos unha palabra en cada tarxeta(que corresponda ao nome dos debuxos) Para escribila decide en voz alta o fonema de cada letra.

Ex.:

LEÓN	RATO	MOTO
CASA	ELEFANTE	GORRO
GATO	AVIÓN	SOPA
CAMA	COCHE	TAMBOR

- Antes de comezar a mímica xogamos a asociar o debuxo coa palabra que lle corresponde.

- A continuación empregamos as fichas de palabras para xogar ao xogo de mímica en familia.

XOGO DE MÍMICA

Un xogador colle unha tarxeta e le a palabra escrita en voz baixa. Logo represéntaa con mímica, sin poder falar.

Cando alguén adiviña a palabra leva un punto (o que teña máis puntos gana o xogo) e outro xogador pasa a ler e representar unha nova tarxeta .

Ao comezo do xogo os nen@s precisarán de axuda tanto para a representación con mímica como para a lectura das palabras pero se lle gusta o xogo, pronto se desenvolverán eles sós.

ÁNIMO E A XOGAR!!

